

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN CLUB FINANCIERO DE SANTIAGO PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO INFORME DE CONXUNTURA ECONÓMICA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, D. Roberto Pereira Costa, actuando en calidade de Presidente do padroado da Fundación Club Financiero de Santiago, con domicilio na rúa Salgueiriños de Abaixo, 9 – baixo – Santiago de Compostela, con C.I.F. G – 70.312.392, segundo nomeamento efectuado na escritura de constitución da Fundación, outorgada ante o Notario del Ilustre Colexio Notarial de Galicia, con residencia en Santiago, don José Manuel Amigo Vázquez, número 2.127 do seu protocolo, de data 17 de novembro de 2011. Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea dita Axencia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo,



impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do mesmo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Fundación Club Financiero de Santiago é unha fundación de interese galego cuxo fin, de conformidade co previsto no artigo 6 dos seus estatutos, é o fomento da economía social e produtiva de Galicia, o cal cumprirá a base de reunir aos empresarios e profesionais de Galicia nun foro representativo e independente, que defenda os intereses de Galicia, impulsando aquelas iniciativas que favorezan os intereses da comarca de Santiago de Compostela, a súa área de influencia e as súas empresas, promovendo a colaboración e a cultura empresarial da zona. E para o cal a Fundación propón:

- a. Reforzar a representatividade dos empresarios e profesionais e ser punto de referencia nas institucións á hora de favorecer o desenvolvemento da contorna empresarial da comarca.
- b. Promover a opinión en todos aqueles temas que afecten á realidade industrial de Santiago e a súa contorna.
- c. Impulsar unha mellora da competitividade das empresas, así como do tecido empresarial no seu ámbito de actuación, favorecendo a colaboración e o intercambio de experiencias entre empresarios e profesionais, e defendendo todas aquelas inversións que permitan o desenvolvemento da actividade empresarial.
- d. Promover as relacións persoais entre empresarios, profesionais e cargos directivos das empresas e ofrecer servizos de información, expansión e descanso.

Terceiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora da competitividade das empresas turísticas e a valorización dos recursos turísticos.

O artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde "a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento



e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago”.

Cuarto.- A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 establece na misión 4. Rendibilidade empresarial e competitividade, concretamente a etitividade e rendibilidade empresarial a través de programas de asesoramento empresarial. A través desta medida, articularanse instrumentos de soporte e apoio para o ámbito da dirección empresarial. Así, definiranse unha serie de servizos de asesoramento e atención de profesionais expertos para a mellora na xestión empresarial, aportando una visión e apoio externo. Estes servizos poderán atender desde cuestións de tipo estratéxico ou de orientación da proposta de valor da organización, ate cuestións mais operativas, correspondentes a áreas funcionais ou problemáticas concretas. O obxectivo final será aumentar a rendibilidade e o valor das empresas

Quinto.- Que a Fundación Club Financiero de Santiago, a través do convenio pretende consolidar ó informe de conxuntura económica que foi presentado en 2025 cun alcance autonómico por primeira vez dende a súa posta en marcha, e desta forma crear una biblioteca cas futuras edicións que permita a comparabilidade dos datos e facilitar o seguimento da evolución que vai tendo todos aqueles aspectos que se estudian no informe, con un especial detalle do turismo compostelá, poñendo especial énfase en analizar a prestación de servizos por parte dos empresarios que operan no sector, tanto a través destes como da opinión de quen recibe os referidos servizos.

Esta iniciativa non se centrará solo en Santiago, senón que abarcaría toda a área de influencia do CFS, dende Fisterra, Barbanza e Lalín. Tamén estudiará as oportunidades para que outros sectores empresariais poidan incorporarse ao negocio turístico con ofertas que completen o existente.

Ademais do informe de conxuntura tamén se realizarán diferentes foros de debate, enfocados a que participen nas diferentes temáticas escolleitas todos aqueles axentes relacionados directamente con cada unha elas.

A estrutura que está prevista permitirá recoller as diferentes opinións dos participantes, para facer recompilación de todas elas y concluír con una proposta resumo das posibles solucións e melloras, así como tamén dos problemas que han sido sinalados.

Da análise de situación deduciranse liñas de traballo concretas -aplicables por subsectores- e deseñaranse plans de actuación. O Club Financiero de Santiago ocuparase, cos profesionais e



organizacións que serán mobilizados, de trasladar as solucións teóricas que se articulen á práctica en cada campo de actividade.

Sexto.- Polo exposto a colaboración entre as partes responde ao interese común das mesmas, de continuar coa posta en valor da oferta turística da rexión que contribúa a un crecemento sostible do destino, motivo polo que a Axencia de Turismo de Galicia considera axeitado e necesario, por razóns de interese público, colaborar coa Fundación para o desenvolvemento do programa antes referido, por ser a única entidade que representa a toda a cadea de valor financeiro do sector turístico de Galicia, e polo tanto a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto e lograr acadar o seu obxectivo.

En consecuencia, ambas partes acordan a formalización dun convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Fundación Club Financiero de Santiago na realización do informe de conxuntura económica.

A finalidade é fomentar o desenvolvemento empresarial galego e a economía social e produtiva de Galicia, cunha vinculación moi directa á promoción do Camiño de Santiago e a mellora continua e permanente da oferta turística, cultural e social, así como a formación continua das Empresas implicadas nas actividades económicas que teñen relación directa con todas estas cuestións e que en definitiva cos seus bos resultados contribúen á soster da economía do benestar.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 67.500,00 € (IVE incluído), co seguinte detalle:



CONCEPTO	IMPORTE
<i>Análise inicial (recompilación, análise e informe sobre estudos realizados sobre o comportamento do turismo e o comercio en Santiago así como a realización de entrevistas ós actores clave)</i>	10.000,00 €
<i>Mesas de traballo e reunións sectoriais (organización de mesas de traballo con asociacións de hostaleiros, comerciantes e outros sectores implicados e coordinación lóxística, moderación e documentación das reunións)</i>	5.000,00 €
<i>Promoción e sensibilización (deseño e execución de campañas para involucrar á cidadanía e axentes sociais e creación de materiais de comunicación)</i>	5.000,00€
<i>Xestión do proxecto (coordinación xeral e seguimento da execución)</i>	5.000,00€
Celebración de Foros	5.000,00€
<i>Divulgación e comunicación (publicación dos resultados obtidos e organización de eventos de presentación cos actores implicados)</i>	7.500,00 €
Traballos de recollida de datos e investigación para el ICE de 2026.	15.000,00€
Documento Informe de conxuntura económica	15.000,00 €
TOTAL	67.500,00 €

Deste orzamento total, a Axencia de Turismo de Galicia financiará as actividades cun importe máximo de 67.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0, código de proxecto 2013 00004, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento do importe a favor da entidade, unha vez esta presente a documentación xustificativa establecida no presente convenio.

En todo caso, a achega que fai a Axencia de Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos de execución do proxecto, e só cubrirá o custo de



realización da actividade sen que o Club Financiero de Santiago obteña beneficio ou lucro industrial algún coa dita achega.

Terceira.- Compromisos das partes

1. A Fundación Club Financiero de Santiago comprométese a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Entregar á Axencia de Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizadas, en formato dixital, así como o Informe de Conxuntura Económica.
- Facer constar a cooperación da Xunta de Galicia, de acordo co manual de identidade corporativa, en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia, incluír a marca Xacobeo 27 de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027 e a marca "Galicia Calidade" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Os logos poderán descargarse na seguinte ligazón: <https://www.turismo.gal/marca01>
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese, pola súa banda, a colaborar coa Fundación para a mellor consecución dos fins comúns deste convenio, e en particular mediante as seguintes actividades:

- Aboar o importe correspondente, logo da xustificación da execución das accións a desenvolver, de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
- Proporcionar á entidade os datos e a documentación que se lle requira e que garante a obxectividade e veracidade da información responsabilizándose a Axencia dos datos e documentación que facilite para a execución do convenio.
- A Axencia comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico na labor de difusión relacionados coas actividades obxecto este convenio.



Cuarta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes. Non obstante, a Axencia de Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Quinta.- Dirección técnica, medios humanos e materiais

A Fundación Club Financiero de Santiago, como entidade executora das actuacións recollidas no presente convenio, co obxecto de garantir a súa adecuada execución, comprométese a asumir a dirección técnica, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, á subcontratación de servizos necesarios para desenvolver as actuacións previstas no presente convenio, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas.

En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a Fundación para a realización por si mesma da actividade obxecto deste convenio.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo das actividades.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a Fundación, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A Fundación Club Financiero de Santiago será o responsable de que na execución da actividade concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos



acreditativos dos pagamentos correspondentes. Os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

Na contratación das actividades que faga a Fundación Club Financiero de Santiago, este debe axustarse á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no relativo a criterios de obxectividade e concorrência e cumprindo os requisitos esixidos na Lei.

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as partes e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa a Axencia de Turismo de Galicia de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a mencionada entidade responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

Sexta.- Xustificación e pagamento

1.- A achega prevista na cláusula segunda será librada pola Axencia de Turismo de Galicia previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, a través da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio e da publicidade da colaboración da Axencia de Turismo de Galicia.

- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterà:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

Non obstante, a documentación establecida nas letras a) e b) deste punto, poderá ser substituída por factura emitida pola entidade á Axencia de Turismo de Galicia polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración.

- Nos supostos de gastos realizados con medios ou recursos propios, documentos acreditativos dos gastos realizados e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).



- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
- Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º.- O prazo para realizar a execución do obxecto do convenio por parte da Fundación e para a presentación da citada documentación xustificativa remata o **15 de decembro do ano 2026**.

3º.- Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade, procederá o pagamento que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

4º.- A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Sétima.- Pagamento

O pagamento por parte da ATG efectuarase de acordo coas súas obrigas de execución segundo o sinalado na cláusula segunda do seguinte xeito:

Establecerase un primeiro pagamento dun máximo de 10.000 € polo concepto de análise inicial. Con esta finalidade, a Fundación deberá enviar factura xunto cun informe que recolla o análise inicial de situación e que defina o alcance do informe de coxuntura económica e a previsión das xuntanzas sectoriais e as accións de divulgación e comunicación do proxecto.

A contía restante ata o máximo establecido no convenio, unha vez rematadas as actividades, levarase a cabo unha vez xustificada a totalidade do convenio por parte da entidade, que



debe facerse coa entrega, antes do remate do prazo de xustificación, da documentación estipulada na cláusula sexta.

Os traballos realizados pola Fundación non serán válidos ata que a ATG dea o seu visto bo definitivo.

Oitava.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

Novena.- Modificación e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.



- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décima.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Décimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo segunda.- Protección de datos de carácter persoal

1. Tratamento dos datos persoais das persoas asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

En canto aos datos persoais sobre os que a Fundación ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2. Roles e responsabilidades na protección de datos persoais.

A Axencia de Turismo de Galicia ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados para a xestión e tramitación da subvención obxecto do presente



convenio, así como daqueles datos persoais aportados pola entidade beneficiaria para a xustificación da devandita subvención. A base lexitimadora para o tratamento destes datos será o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento dunha obrigaón legal (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario, a outras Administracións públicas con competencia na materia segundo o especificado no presente convenio. As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A Fundación comprométese a informar dos extremos anteriores ás persoas cuxos datos achegue á Axencia de Turismo de Galicia para dar cumprimento as referidas finalidades.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha



notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o **31 de decembro de 2026**.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan dixitalmente este documento no lugar arriba indicado.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Fundación Club Financiero de Santiago

José Manuel Merelles Remy

Roberto Pereira Costa

